

Métodos indirectos

Tamén se pode observar a eclipse de forma segura mediante métodos indirectos, coma a caixa estenopeica (*pinhole*) ou a proxección da imaxe do Sol sobre unha superficie cun telescopio ou con prismáticos. **En ningún caso se mirará polos oculares destes instrumentos usados para unha proxección indirecta.**

Riscos dunha mala observación

Unha observación incorrecta pode provocar queimaduras na retina e a perda irreversible de visión. É fundamental seguir sempre as recomendacións de seguridade. Ante a dúbida, mellor usar só métodos indirectos de observación.

Información local

Para máis información e recomendacións personalizadas, pode contactar co aloxamento, establecemento hostaleiro ou punto de información turística da zona.

Turismo Rías Baixas pon á disposición da cidadanía o proxecto “Baixo o ceo das Rías Baixas”: <https://turismoriasbaixas>

Turismo de Galicia ofrece tamén a seguinte web informativa: www.turismo.gal

Previsión de desprazamentos e planificación

Espérase unha alta afluencia de visitantes, polo que se recomenda planificar con antelación os desprazamentos, escoller ben o lugar de observación e chegar e instalarse con tempo. En caso necesario, poderíanse considerar varios lugares alternativos axeitados. Recoméndase consultar, nos días previos, as previsións meteorolóxicas, xa que o ceo anubrado pode dificultar ou impedir a observación. Débense comprobar tamén as horas exactas de inicio, finalización e momento máximo da eclipse para a localidade ou o punto de visualización escollido.

Se é posible, recoméndase contemplar a eclipse desde o noso lugar de residencia ou localización na data do 12 de agosto para minimizar ao máximo os desprazamentos.

Pódese consultar información detallada nas páxinas web oficiais

Comisión Interministerial do Trío de Eclipses

www.trioeclipses.es

Comisión Científica e de Asesoramento do Trío de Eclipses

<https://divulgacion.trioeclipses.es>

Visualizador do Instituto Xeográfico Nacional

<https://visualizadores.ign.es>

Sociedade Española de Astronomía

www.sea-astronomia.es

Aplicación PeakFinder, que permite localizar o Sol no horizonte
www.peakfinder.com

Guía para gozar da eclipse



Que é unha eclipse solar?

Unha eclipse solar é un fenómeno de ocultación entre corpos celestes que se produce cando a Lúa se sitúa entre a Terra e o Sol, e oculta total ou parcialmente a súa luz. Trátase dun fenómeno natural que acontece anualmente entre dúas e cinco veces no planeta, e que é de grande interese científico e visual.


20:30 h

Punto máximo

O punto máximo da eclipse producirase ás 20:30 horas, antes de que o Sol desapareza no horizonte, o que ofrecerá unha escena especialmente espectacular pola combinación co solpor.

Que se poderá ver na provincia de Pontevedra?

Na provincia de Pontevedra a cobertura do disco solar oscilará entre o 99,3 % na zona das Rías Baixas e o 100 % nos municipios situados máis ao norte da provincia. Isto provocará unha diminución notable da luz e da temperatura, cambios nas sombras e unha atmosfera similar a un solpor profundo en pleno día.



Por que é unha eclipse especial?

Un evento deste tipo non se producía na península ibérica desde 1912, polo que representa unha oportunidade única para observar un fenómeno astronómico excepcional.



1912

12/8/2026

Cando observar a eclipse?

A eclipse terá lugar o **12 de agosto de 2026**, durante as últimas horas da tarde (das 19:30 ás 21:30 horas). O fenómeno desenvolverase progresivamente ata coincidir co momento do solpor civil e astronómico.

Seguridade ocular

A observación directa do Sol sen protección adecuada pode causar lesións moi graves e permanentes na retina. Estes danos son indolores e poden pasar desapercibidos ata que é demasiado tarde.

Como observar con seguridade?

As eclipses deben observarse sempre mediante métodos indirectos de proxección do Sol nunha superficie ou pantalla, cunha protección certificada, coma lentes de eclipse homologadas (**norma EN ISO 12312-2:2015 e marcado CE segundo o Regulamento (UE) 2016/425**), ou con instrumentos ópticos especificamente equipados con filtros solares profesionais (por exemplo, láminas tipo Baader).

ISO 12312-2

Mellores lugares para vela

Os mellores puntos son aqueles cun horizonte despegado cara ao oeste ou noroeste, coma praias, miradoiros e zonas elevadas sen obstáculos naturais ou edificacións.

Consulta na web de Turismo Rías Baixas o mapa da rede provincial de puntos de observación, na que se mostran os puntos singulares con boa visibilidade.

LALÍN
RODEIRO
AGOLADA
VILA DE CRUCES

Observación directa mediante o uso de lentes de eclipses

As lentes de eclipses —tamén chamadas lentes de filtro solar— deben colocarse antes de mirar o Sol e manter o seu uso durante toda a observación, en intervalos de aproximadamente 30 segundos como máximo, de forma espazada. Estas non se deben usar continuamente de maneira prolongada e só deben retirarse, de cada vez, cando se deixa de mirar directamente cara ao Sol.

Só no momento de absoluta totalidade do eclipse se podería mirar a coroa solar sen protección ocular.

Por que na provincia de Pontevedra?

En función do lugar da provincia no que nos atopemos poderemos observar diferentes fenómenos dentro da eclipse, coma as perlas de Baily, o anel de diamantes ou mesmo a coroa solar —na súa breve duración e de forma total— nos concellos de **Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro ou Lalín**.

A orientación cara ao océano Atlántico e a presenza de amplos horizontes fan das Rías Baixas un enclave privilexiado para observar eclipses en condicións moi favorables.



Que NON usar

Non se deben utilizar lentes de sol ordinarias, radiografías, cristais afumados nin máscaras de soldadura, nin **ningún método directo fóra das recomendacións homologadas**, xa que non filtran adecuadamente a radiación solar e poden causar graves danos oculares.